

FESTAS DA VIRXE DE GUADALUPE DE RIANXO

A Guadalupe de Rianxo volve de paseo pola ría

Haberá 7 días de festa cheos de música e actividades »

Destacan varias xornadas adicadas a diferentes temáticas

DIEGO G. CARBALLO [RIANXO]

Rianxo está de celebración grazas ás Festas da Guadalupe 2024, declaradas de Interese Turístico de Galicia, unha das súas principais atraccións. Dende hoxe ata o venres 20 haberá sete días de festa, devoción e moita troula. A celebración está centrada arredor da Virxe de Guadalupe de Rianxo, afectivamente coñecida coma *A Moreniña*, que chegou á vila en 1773, e que vai en procesión pola ría dende 1862. Esta procesión marítima, o atractivo principal das festividades, terá lugar este domingo 15 a partir das 13.00 horas, xusto despois da misa solemne cantada pola Coral Abraira na Capela de Guadalupe, na que tamén se poderá ver a alfombra floral elaborada polos Alfombristas de Rianxo.

Ademais, haberá varios días centrados en diferentes temáticas, comezando pola Festa dos 80, que comezará hoxe ás 22.00 horas, seguida polo pregón ás 23.45, a cargo do deportista paralímpico Adrián Mosquera, nativo da localidade, que traerá o facho olímpico de París despois de rematar segundo na modalidade VL3 de piragüismo.

O martes 17 ás 17.00 horas será a quenda da cultura urbana, con actividades relacionadas co *breakdance*, o *beatbox* ou o *freestyle*, entre outros. O mércores 18 será o Día dos Nossos Maiores, cun xantar e baile a partir das 15.00 horas. Ás 16.30 haberá unha Feira do Circo, con xogos de feira e espectáculos circenses. O xoves 19 haberá o feirón mariñeiro *A Feira de 1924*, na que se poderán ver diferentes creacións de artesanía durante toda a xornada no casco vello da vila. Para rematar, o venres 20 será o día infantil, cunha gran xincana inchable, unha festa da escuma e unha verbena infantil que farán as delicias dos máis pequenos.

Non faltará a música, con actuacións diarias a partir de mañá ás 22.00 horas, que estarán a cargo dos grupos e orquestras La Ola ADN, Grupo Bianco e a Vebena Sinfónica da Escola de Música de Rianxo mañá sábado 14, Players e Finisterre o

domingo 15, Fuego e Kubo o luns 16, Solara e Banda Gaudí o martes 17, Satélites e América de Vigo o mércores 18, Cinema e Gran Parada o xoves 19 e Mar de Arousa, Saudade e Charleston Big Band o venres 20.

Todos os que visiten Rianxo nos próximos días terán garantida a diversión, a devoción e a troula nunha das citas máis importantes do ano na vila mariñeira.



A virxe de Guadalupe de Rianxo, saíndo da capela cara a procesión marítima nunha edición anterior. // M. Méndez

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

GUADALUPE

2024

RIANXO

13~20 DE SETEMBRO

A Moreniña

XUNTA DE GALICIA

galicia

//ABANCA

Rianxo
Concello

A PROCESIÓN
MARÍTIMA, MÁXIMA
PROTAGONISTA DAS
FESTAS, REMÓNTASE
AO ANO 1862